

# PLAN DE IGUALDADE

CEIP TORRE ILLA

**DATA DE APROBACIÓN: 12/11/2019**

## TÁBOA DE CONTIDO.

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA DO CENTRO.
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN.
  - 4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
  - 4.2 Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero.
  - 4.3 Promoción do respecto pola liberdade afectiva-sexual.
  - 4.4 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.
5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN.
  - 5.1 Organización do centro.
  - 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
  - 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
  - 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión e na convivencia escolar.
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

## 1. INTRODUCCIÓN

A igualdade de xénero é un principio fundamental que atópase recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

Coeducar supón un modelo educativo que se sustenta no respecto ao principio de igualdade entre mulleres e homes. Este principio debe estar presente en todos os elementos que interveñen no proceso educativo, garantindo o seu cumprimento tanto nos contidos académicos como na práctica diaria do profesorado e nas relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa.

O proxecto de dirección do actual Equipo Directivo recolle entre os principios que rexen o proxecto *“a igualdade e a coeducación coma un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”*. Así mesmo, entre os obxectivos do proxecto tamén está o de *“fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, afondando na coeducación e favorecendo a igualdade entre sexos”*, adicando varias actuacións, temporizadas en catro anos, a desenvolver dito obxectivo.

Cabe resaltar tamén que o Consello Escolar do centro nomeou unha persoa responsable en materia de igualdade, que velará polo cumprimento das actuacións programadas e fomentará o desenvolvemento do actual Plan de Igualdade, e que a comunidade educativa do CEIP Torre Illa realiza as conmemoracións dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial: 25 de novembro, 8 de marzo e celebración LGBTI no mes de xuño.

Estas iniciativas, xunto co actual Plan de Igualdade, dan conta da aposta do profesorado do CEIP Torre Illa de continuar concienciando á comunidade educativa en materia de igualdade, e seguir traballando a prol da igualdade entre mulleres e homes.

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA DO CENTRO**

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

No preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación. O artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade.

O Proxecto Educativo do Centro, o Plan de Convivencia, e as Normas de Organización e Funcionamento do centro están en fase de revisión e elaboración. Actualmente os principais documentos que recollen as actuacións que se desenvolven no centro relativas á igualdade e coeducación están conformados polas programacións didácticas e a PXA, que recolle as efemérides e conmemoracións que se celebran no centro neste eido.

Cabe destacar a maior visibilidade que estas actuacións veñen concedendo ó papel da muller na ciencia e na literatura, con celebracións coma o Día de Rosalía, que non forma parte das estipuladas no calendario escolar galego. Cabe destacar, neste senso, a presenza de obxectivos e actuacións concretas que están contempladas no proxecto de dirección actual do centro e que desenvolverase nos vindeiros catro anos.

Este é o reflexo da maior relevancia que os aspectos relacionados coa igualdade e a coeducación están a ter no CEIP Torre Illa nos últimos cursos. O traballo por unha educación igualitaria, visibilízase polo tanto, na aposta firme por parte do equipo directivo e do profesorado de levar a cabo accións que favorezan a igualdade, accións que son de relevancia para sensibilizar e desenvolver no alumnado un cambio de actitudes.

### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN REALIDADE COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.**

Actualmente non existe unha planificación da linguaxe empregada na documentación xeral, no material didáctico, ou na elección dos libros de texto. Non obstante, si é certo que se presta especial atención a este tema e se procura evitar o uso dunha linguaxe sexista tanto como medio vehicular na relación docente discente como na linguaxe icónica.

Algunhas das situacións de desequilibrio que se poden observar no centro poden ser as seguintes:

- Os datos sobre o persoal docente amosan unha feminización da profesión docente, é máis do dobre o número de mulleres que traballan: 6 mestres e 17 mestras.
- O persoal non docente é maioritariamente feminino e ocupa postos estereotipados. A maioría das mulleres traballan en actividades de limpeza e coidado, mentres que os homes teñen unha escasa representación, e a labor que exerce é a de conserxe.
- Nos consello escolar é relevante a maioría de representación feminina nestes órganos colexiados, o que pon de manifesto que seguen a ser as mulleres as que se ocupan da educación das súas fillas e fillos. Esta mesma situación tamén se visibiliza na elevada participación das mulleres na Asociación de nais e pais e na presidencia da mesma.
- O alumnado proposto para participar nun plan de acompañamento e reforzo fóra do horario lectivo é maioritariamente masculino: 22 nenos e 8 nenas.
- Algunhas das actividades extraescolares que oferta o centro teñen unha participación moi desigual en función dos estereotipos. Así, por exemplo, na actividade extraescolar

de futbito acoden exclusivamente nenos, e na de manualidades maioritariamente as nenas.

#### **4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN**

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.1.1 Establecer condicións para que o centro implemente o presente Plan de Igualdade a través dunha organización escolar e un currículo sen prexuízos de xénero.

4.1.2 Fomentar dinámicas de igualdade e coeducación.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.2.1 Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.

4.2.2 Promover actuacións de sensibilización e prevención da violencia de xénero para contribuír á súa erradicación, asegurando unha intervención adecuada #ante posibles casos de violencia de xénero no ámbito educativo.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.3.1 Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.

4.3.2 Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

4.4.1 Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal e académica.

## 5. MEDIDAS DE ACTUACIÓN

### 5.1 Organización do centro.

OBXECTIVO: Establecer condicións para que o centro implemente o presente Plan de Igualdade a través dunha organización escolar e un currículo sen prexuízos de xénero.			
ACTUACIÓN	AXENTES	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fixar no PEC a igualdade coma un valor do centro.</li> <li>- Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro (PE, CCC, PAT...) se contemplen obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade entre mulleres e homes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado</li> <li>- Consello Escolar</li> <li>- CCP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Curso 2019-2020</li> <li>Curso 2020-2021</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Documentos revisados</li> <li>- Documentos actualizados</li> </ul>
OBXECTIVO: Establecer condicións para que o centro implemente o presente Plan de Igualdade a través dunha organización escolar e un currículo sen prexuízos de xénero.			
ACTUACIÓN	AXENTES	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nomear un responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para impulsar o Plan de Igualdade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Profesorado</li> <li>- Consello Escolar</li> <li>- CCP</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Todos os cursos escolares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nomeamento da persoa responsable na área de coeducación .</li> <li>- Número de persoas que a compoñen e sectores implicados</li> <li>- Número de</li> </ul>

- Difundir o plan entre a comunidade educativa. - Promover unha linguaxe inclusiva e igualitaria.			intervencións realizadas. - Nivel de participación. - Nivel de implicación das persoas integrantes
<b>OBXECTIVO:</b> Fomentar dinámicas de igualdade e coeducación.			
<b>ACTUACIÓN</b>	<b>AXENTES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>
- Potenciar de xeito interdisciplinar e transversal a través das actividades complementarias e os proxectos de centro o valor da igualdade.	- Equipo Directivo. - Profesorado.	- Todos os cursos.	-Tratar alomenos en tres actividades complementarias cada curso a igualdade de xeito explícito, además de potencia de xeito transversal e interdisciplinar.

## 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

<b>OBXECTIVO:</b> Realizar accións de sensibilización, formación e implicación da comunidade educativa en materia de igualdade de xénero, coeducación e prevención da violencia de xénero.			
<b>ACTUACIÓN</b>	<b>AXENTES</b>	<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>INDICADORES</b>
- Velar para que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións escritas no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas.	- O equipo directivo será o responsable de velar para que as imaxes e a linguaxe non conteñan elementos discriminatorios.	- Todos os cursos.	- Número e tipo de documentos revisados.  - Número e tipo de documentos modificados.



5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

OBXECTIVO: Potenciar o uso de materiais e libros de texto que non conteñan estereotipos sexistas.			
ACTUACIÓNS	AXENTES	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumentar a visibilidade da muller no ámbito da cultura, ciencia e artes, potenciando as vocacións STEAM aproveitando as diferentes conmemoracións que establece a orde que regula o calendario escolar.</li> <li>- Garantir a utilización de materiais didácticos libres de estereotipos sexistas.</li> <li>- Garantir a presenza na biblioteca do centro de lecturas coeducativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Equipo de Actividades Extraescolares.</li> <li>- Equipo de Biblioteca.</li> <li>- Profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Todos os cursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presenza da muller nas conmemoracións do centro.</li> <li>- Número de materiais didácticos e libros de texto revisados.</li> <li>- Fondos da biblioteca do centro.</li> </ul>

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

OBXECTIVO: Implementar o enfoque de xénero na orientación persoal e académica.			
ACTUACIÓNS	AXENTES	TEMPORIZACIÓN	INDICADORES
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Incluir no Plan de Orientación e Acción Tutorial actuacións dirixidas a promover a coeducación.</li> <li>- Organizar sesións de tutoría enfocadas a realizar actividades de promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Equipo directivo</li> <li>- Profesorado - Titores/as</li> <li>- Departamento de Orientación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Todos os cursos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento das sesións.</li> <li>- Núm. de sesións realizadas.</li> <li>- Implicación de titores e titoras.</li> <li>- Grao de satisfacción do alumnado.</li> </ul>

## METODOLOXÍA

A metodoloxía será totalmente coeducativa, insístese na necesidade de integrar plenamente unha liña de traballo baseada nos principios da coeducación nas situacións habituais de aula e nas diversas actividades educativas, non estaría xustificada a nosa actuación con só celebrar as conmemoracións relacionadas coa igualdade.

As diferentes actividades propostas serán impulsadas a través das reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica e seguidamente difundidas aos niveis, a través dos seus coordinadores e coordinadoras. Todo o claustro deberá participar no proxecto. Seleccionaranse as actividades máis apropiadas segundo idades, e levaranse á práctica dende o propio nivel. Con este mecanismo, garantimos a ampla difusión e participación, e a cohesión no proceso de execución do proxecto. Haberá que ter unha especial atención aos mecanismos de coordinación cos outros plans e proxectos do centro.

Tampouco podemos esquecer que a coordinación coas familias é primordial para que estas participen da nosa tarefa educativa

Daremos unha especial atención ó ambiente da aula e á súa organización. Os docentes guiarán e organizarán a actividade, motivando ao alumnado para que participe activamente, creando un clima propicio para iso; achegando materiais que sexan necesarios e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe. Para o logro dos nosos obxectivos ofreceremos distintos contextos que sitúen armónicamente conceptos como cooperación, diálogo, reflexión, respecto e tolerancia. Adoptaremos un enfoque aberto, flexible e crítico, amosando que existen opcións diversas.

A formulación metodolóxica levarase a cabo partindo dunha metodoloxía práctica, lúdica, activa, participativa e dinámica. Tentado traballar desde dúas perspectivas:

a) A Coeducación de forma transversal, impregnando toda a práctica docente. Calquera momento e situación, aproveitarase para desenvolver no alumnado actitudes de igualdade a través do noso vocabulario, linguaxe, actitudes..., impregnando a nosa actividade educativa.

b) Desenvolverase unha serie de actuacións e actividades concretas que axuden a mellorar o clima coeducativo do noso centro e contexto: violencia de xénero, papel da muller na historia, murais, carteis, xogos, deportes, Día Internacional da Muller... O tratamento coeducativo estará inmerso no currículo en todos os elementos da programación: obxectivos, contidos, materiais, espazos...

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do Plan é responsabilidade do Equipo Directivo do centro, que será o encargado de valorar periódicamente o desenvolvemento de cada unha das súas medidas e actuacións, identificando e valorando os avances e os atrancos, **a través dos indicadores** establecidos no mesmo, e de realizar propostas de mellora.

Como ferramenta de traballo para facilitar o sistema de avaliación do Plan, realizarase unha avaliación das actuacións levadas a cabo no claustro logo de desenvolveselas no centro. Por outra banda, recollerase na memoria anual do centro o resultado das valoracións do claustro, así como as propostas de mellora para os vindeiros cursos, o que permitirá afondar na mellora progresiva do Plan, e facer unha análise do mesmo por parte do Consello Escolar.

Para a avaliación deste Plan teranse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

- Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

- Inclusión e integración da diversidade. A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.